



# CUL TUR GAL

FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

26-27-28 DE NOVEMBRO 2010 | 11 A 21H.  
ACCESO GRATUITO  
PAZO DA CULTURA DE PONTEVEDRA

**SE É CULTURA,  
ESTÁ NO CULTURGAL**  
A FORZA DE TODA A CULTURA GALEGA

AS NOVIDADES EDITORIAIS  
O ÚLTIMO EN MÚSICA  
O GLAMOUR AUDIOVISUAL  
A MAXIA DAS ARTES ESCÉNICAS  
AS NOVAS TECNOLOGÍAS

AS TENDENCIAS EN DISEÑO GRÁFICO  
A UNIÓN SECTORIAL  
A SOLIDEZ PROFESIONAL  
AS PROPOSTAS QUE ESTÁN NAS MARxes  
OS NOVOS MEDIOS CULTURAIS

# ÍNDICE

---

## **Na recámara**

Música. Galicia.Br.  
Érica Machado + Kiko Klauss + Ordem e Progresso  
Música. Galicia.Pt. CONCERTO CREATIVA.  
Deolinda + Budiño  
Teatro. Producións Excéntricas. *Un cráneo furado*

## **No cuarto dos nenos**

Obradoiros  
Expectáculos  
Exposicións

## **No garaxe**

Obradoiro Game Over. O pasado, o presente e o futuro  
da tecnoloxía a través da historia dos videoxogos.

## **No salón**

Tertulias  
Presentacións

## **No patio**

Bar  
Showcases  
Vídeos

## **No faiado**

Audiovisual  
Música  
Edición  
Asociacións e Plataformas

## **No estudio**

FORO CREATIVA. *As industrias culturais en tempo de crise. Retos, recusos e modelos de éxito*

## **Nos corredores**

EXPOSICIÓN CREATIVA. *Soporte Sonoro*

## **Os cuartos**

Expositores

---



## Culturgal é o fogar da cultura galega.

Un fogar coas portas e as ventás abertas para que entre a sociedade. Un espazo colectivo cheo de música, de literatura, de creación audiovisual, de artes escénicas, de deseño e de novas tecnoloxías. Culturgal é a gran festa da cultura galega. Tres días de intensa actividade, nos que haberá tempo para o debate profesional e para o diálogo aberto co público. Culturgal é unha oportunidade única para coñecer os

servizos e produtos culturais más interesantes e novedosos, así como aos seus creadores e creadoras. Concertos, representacións teatrais, showcases, presentacións de libros e proxectos multidisciplinares, debates, foros, conversas con autores e autoras, exposicións, obradoiros... Se é cultura, está no Culturgal.

**Entrade ata a cociña. Estades na vosa casa.**



# NA RECÁMARA

Culturgal 2010 ten na recámara tres noites de espectáculo que darán conta da excelente saúde da música e do teatro galego, así como da súa capacidade para dialogar con outras culturas. Esta edición, os convidados de honra serán Brasil e Portugal, dúas culturas coas que o noso país comparte fondas raíces históricas e que estarán presentes ao longo de toda a Feira.

Abriremos boca, o venres, cun estimulante intercambio artístico entre Brasil e Galicia. Dunha banda, dous artistas revelación de Minas Gerais: Érika Machado e Kiko Klaus. Da outra, o novo espectáculo do coñecido humorista galego Carlos Blanco, *Ordem e progresso*, unha ollada ao Brasil acompañada da cadencia do pandeiro e do cavaquinho do Sergio Tannus Trío.

Ao día seguinte, á mesma hora e no mesmo lugar, poderemos gozar dunha oportunidade única: dúas das propostas musicais más exitosas desta e da outra beira do Miño comparten escenario en exclusiva para o público do Culturgal. Deolinda é un grupo formado por catro mozos que saltan

todos os clixés do fado: non usan guitarra portuguesa, fan música para bailar e a súa cantante, Ana Bacalhau, viste roupas coloridas. Veñen presentar o seu último disco, *Dois selos e um carimbo*, co que están a causar sensación no país veciño. Compartirán escenario con Xosé Manuel Budiño, que visita Culturgal co seu último proxecto, *Volta*, debaixo do brazo. Unha viaxe polos catro continentes da man do gaiteiro galego más innovador.

Finalmente, o domingo, pecha a gran festa da cultura galega a última proposta teatral de Producións Excéntricas. Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Santi Romay pónense ás ordes de Quico Cadaval para darlle vida ás personaxes de *Un Cráneo Furado*, a revisión galaica da coñecida obra de Martin McDonagh *A Skull In Connemara*. Os feitos acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade. Pode ser Connemara como pode ser Bergantiños. Non hai mellor maneira de poñer punto e seguido á mostra viva da universalidade da cultura galega que será o Culturgal 2010.



# NA RECÁMARA

MÚSICA. GALICIA.BR VENRES 26 / 21H. NO AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA

## ÉRIKA MACHADO + KIKO KLAUS + CARLOS BLANCO E SERGIO TANNUS TRÍO (ORDEM E PROGRESSO)

### Érika Machado

*Pop de autora que fai de calquera cousa materia de poesía*

De nena soñaba con ser científica, formouse como artista plástica e, ainda que adoraba cantar, nunca pensou acabar levando vida de caricanta. Comezou facendo música como parte de proxectos artísticos de intervención urbana. Un deles, *O Baratinho*, gravado no seu propio cuarto, fixo barullo abondo para que en 2006 lanzase o seu primeiro disco de verdade, *O Cimento*, producido por Pato Fu. Nesta experiencia coñeceu persoas que admiraba, chegou a lugares aos que nunca fora e xuntou forzas para inventar o seu segundo álbum, *Bem Me Quer Mal Me Quer*. Agora di facer música para cantar as cousas que pensa e amosar novos horizontes. As súas cancións falan de amores que murchan, de soildade, das cousas que a xente sabe que van acontecer, dos avós e da fotografía como forma de lembranza. Con pouco tempo de estrada, pois apenas supera os dous mil días de carreira, xa recibiu premios como o de artista revelación da Asociación Paulista dos Críticos de Arte e o Trofeo Catavento da Rádio Cultura de São Paulo. Recentemente subiuse ao escenario con Milton Nascimento para cantar *María María* no Aniversario de São Paulo.

Completan a súa banda as guitarras e teclados de Pato Fu e Daniel Saavedra, os baixos de Thiago Braga, a batería de Thiago Peixoto e a voz de Cecilia Silveira.  
+info: [www.erikamachado.com.br](http://www.erikamachado.com.br)

### Kiko Klaus

*Música brasileira con personalidade, pero sen fronteiras*

Cantante, compositor e produtor musical pernambucano, radicado en Belo Horizonte. En 2008 lanzou o seu primeiro disco en solitario, *O Vivido e o Inventado*, que recibiu importantes eloxios da crítica nacional e internacional. O xornal O Estado de São Paulo seleccionouno como un dos quince mellores lanzamentos dese ano e a revista *Dig This Real* de Nova York definituno como un dos artistas más creativos e prometedores da nova escena brasileira, dono dun estilo único e unha gran voz.

Este éxito non é casual. Graduouse en canto polo Musicians Institute de Los Angeles en 1996. De volta no Brasil creou o estudio Fábrica en Recife e traballou con artistas como Naná Vasconcelos, Lenine, Nação Zumbi, Arto Lindsay, Marcos Suzano, Mestre Salustiano, Mundo Livre S/A, Marina Machado, Kristoff Silva e os españois Ojos de Brujo. En colaboración co guitarrista e produtor musical colombiano Carlos Jaramillo, editou o disco *Mesmalua*, tamén moi eloxiado, e realizou bandas sonoras para grupos mineiros de danza contemporánea.

A súa música mestura organicamente e con delicadeza raíces afro-brasileiras como o maracatu, a ciranda, a samba e as percusións de Umbanda e Candomblé, con flamenco, rock, soul e electrónica.

+info: [www.kikoklaus.com.br](http://www.kikoklaus.com.br)

### Ordem e progresso

*Teatro musical a ritmo de pandeiro, cavaquinho, fútbol, sexo e risas.*

Carlos Blanco toma a frase da bandeira de Brasil para o título do seu último espectáculo, *Ordem e Progresso*. Nel o actor amosa unha nova faceta na que lle canta ao Brasil máis recoñecible, e ao que non o é tanto, acompañado dunha banda de luxo, o Sergio Tannus Trío, formado por Sergio Tannus, Sergio Sales e Paulo Silva. O humor de Carlos Blanco chega coa cadencia do pandeiro e do cavaquinho, e co fútbol, o sexo e as risas. *Ordem e Progresso*: algo absurdo nun país aparentemente feliz e caótico? Unha idea, un mantra? Esta proposta suma calma, harmonía e música de Pixinginha, Cartola, Nelson Cavaquinho... os clásicos. Tras o éxito de *Humor neghro e Só*, volve Carlos Blanco, agora, más colorista, más ousado, más de pel. Con criterio, con bo ritmo, cunha lingua que é unha trinca, para mover o corpo e a mandíbula, rir e bailar. O futuro é hoxe. Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío, o ritmo que vén. Que ben!

+info: [www.myspace.com/sergiotannus](http://www.myspace.com/sergiotannus)



# NA RECÁMARA

## MÚSICA. CONCERTO CREATIVA. GALICIA.PT

SÁBADO 27 / 21H. NO AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA

## DEOLINDA + XOSÉ MANUEL BUDIÑO

### Deolinda

*O fado más alegre reinventado con humor e moito ritmo*

O seu nome é Deolinda e ten idade suficiente para saber que a vida non é tan fácil como parece. Solteira de amores, casada cos desamores, habita un baixo nalgún suburbio de Portugal. Compón entre as cortinas, inspirada polos discos do seu avó e as vidas estranhas dos veciños. Deolinda é un grupo formado en 2006 por catro mozos que saltan todos os clixés do fado: non usan guitarra portuguesa, fan música para bailar e a súa cantante, Ana Bacalhau, viste roupas coloridas. E áfada así son fado e moito más que fado. Un orixinal proxecto que sorprendeu dentro e fóra de Portugal co aclamado *Canção ao lado*. Agora presentan o seu último disco, *Dois selos e um carimbo*.

+info: [www.deolinda.com.pt](http://www.deolinda.com.pt)  
[www.myspace.com/deolindalisboa](http://www.myspace.com/deolindalisboa)

### Xosé Manuel Budíño

*Unha viaxe por todo o globo da man do gaiteiro galego más innovador*

Buenos Aires, México, Oriente Medio, Europa, Ortigueira... Volta é o novo traballo de Xosé Manuel Budíño, baseado nunha *road movie* conceptual coa que percorreremos os catro continentes nos que o magnífico compositor e multiinstrumentista galego participou nos últimos anos e que culmina co seu concerto na pasada edición do Festival Celta máis coñecido e concurrido do mundo. Unha experiencia única, un camiñar no que poderemos revisar as pezas más representativas da súa carreira, desde o referencial «Paralaia» ata «Revolución», pasando por «Zume da Terra» ou «Home», tamizada esta vez por unha reinterpretación contemporánea e conducida por todo o poder e a intensidade que require un espectáculo en vivo.

+info: <http://www.xosemanuelbudino.com/>  
<http://www.youtube.com/watch?v=OqCQOjiKxy8>

## TEATRO. UN CRANIO FURADO

DOMINGO 28 / 21H. NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

## *Un Cranio Furado*

(*A Skull In Connemara* by Martin McDonagh)  
de Producións Teatráis Excéntricas

Dirixida por Quico Cadaval

Elenco: Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Santi Romay

Producións Teatráis Excéntricas é unha empresa que se dedica á creación de espectáculos teatrais, de produtos de entretemento e outros obxectos culturais. Serve como plataforma de producción a marcas como Mofa e Befa, o dúo cómico formado por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, aos espectáculos unipersonais de Quico Cadaval e a proxectos musicais de Piti Sanz.

A súa última montaxe, *Un cranio furado*, é unha adaptación do texto *A Skull in Connemara* escrito polo autor anglo-irlandés Martin McDonagh nos anos 90, con vontade de provocar ao mundo tradicional irlandés e ao tempo horrorizar ao requintado público urbano londinense. Está realizada en coproducción co Festival Internacional de Outono de Carballo e está protagonizada por Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Santi Romay e Víctor Mosqueira. Os feitos acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade. Pode ser Connemara como pode ser Bergantiños. É máis que unha aldea e menos que unha vila: Leenane. No cemiterio, arredor dunha cova aberta, convócase toda a curiosidade e a malicia dos veciños. O enterrador local, Mick Dowd, ten que trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás de accidente de tránsito. Mais hai moitos que pensan que non foi un accidente.

Non é unha comedia de terror, non é un policial inglés, non é unha serie de televisión de forenses, non é unha festa dos difuntos, non é un esperpento... mais ten de todo un pouco.

+info: [www.excentricas.net](http://www.excentricas.net)



# NO CUARTO DOS NENOS

**Microfestivais, obradoiros, exposicións, contacontos, maxia, teatro, danza, presentacións de libros e discos... o cuarto dos nenos ferve de actividade, dende a apertura da feira ata o peche, porque non hai público máis dinámico nin más imprescindible. Algunhas das propostas que poderán gozar os más pequenos no Culturgal son as seguintes:**

## Venres 26

18h / 19 h/ 20h *Eu tamén animo!* OQO FILMES

O conto non remata na marxe dos libros e podemos facer que cobren vida de moitas maneiras. Unha delas é convertelo nun filme, e iso imos facer entre todos os participantes. A partir dun conto de OQO editora, as nenas e nenos desenvolverán coa técnica de stop motion a animación da obra, imaxe, voz e música. A plastilina será o material co que se dará vida aos personaxes. Ao final do taller, coas secuencias realizadas cos grupos de traballo en cada unha das sesións (de tres horas cada unha) confeccionarase o filme enteiro. Nestes obradoiros prácticos, as rapazas e rapaces recibirán información sobre as técnicas tradicionais de animación e gravación de son.

### 17.00h *Ola, ola, la!* Mamá Cabra

O grupo de música infantil Mamá Cabra presenta o seu novo disco, *Ola, ola, la!*, un libro CD cun vídeo karaoke e un bo feixe de temas inéditos, publicado pola Editorial Galaxia. Para a súa gravación contouse cun coro dirixido por Ramón Bermejo e con colaboracións como a de Sèrgio Tannus (pandeiro brasileiro e cavaquinho) e a de Gende Beat coas súas percusións vocais. Os seus autores explicarán todos os detalles da producción. Na presentación, agasallarános coa interpretación de tres temas do seu repertorio en directo.

## Sábado 27

11h/12h/13 h. Laboratorio de sons da Aula Folque Infantil

O Laboratorio de Sons é unha proposta musical aberta, experimental, centrada na composición colectiva de rapaces de 8 a 15 anos. É unha actividade artística infantil única no país pola súa innovadora fórmula pedagóxica e pola correspondencia que establece coas correntes artísticas más contemporáneas. Está patrocinada pola Concellaría de Cultura de Pontevedra e deseñada e levada a cabo polo Centro Galego de Música Popular, a Central Folque. Traslada por un día a súa actividade ao Culturgal, onde mestres e alumnos realizarían exercicios de improvisación, exploración sonora con instrumentos non convencionais, desenvolvemento de paisaxes sonoras, creación dunha escena musical e gravación da mesma. Todo iso baseándose no espazo no que se sitúa, neste caso, o Culturgal, na súa musicalidade, a súa oralidade e as súas posibilidades sonoras. Ao remate da actividade os asistentes presentarán unha intervención artística como mostra do traballo realizado durante a sesión.

+info: [www.folque.com](http://www.folque.com)

11.00h / 12.00 h/ 13.00h *Eu tamén animo!*

16.30h Assircópatas

### 17.00h Contos no camiño

Os Contos do Camiño é un proxecto da editorial OQO que busca difundir o patrimonio artístico e immaterial das Rutas Xacobeanas entre os escolares de España, Francia e Portugal. O formato utilizado para iso son talleres plástico-creativos e lecturas. Este proxecto, ao

que xa tiveron acceso máis de 25.000 nenos e nenas, foi o único de orixe galega seleccionado o ano pasado dentro do Programa Cultura 2007-2013 da Unión Europea.

+info: [www.oqo.es](http://www.oqo.es)

### 18 h Obradoiro de danzas do mundo Zampadanzas.

Edicións do Cumio presenta un divertido obradoiro impartido por Mercedes Prieto a partir do libro *Zampadanzas*, un compendio de danzas do mundo unidas polo fio dun pequeno e lúrico conto: a historia dun cocinero que aprende, pouco a pouco, a baillar viaxando por diferentes países. Tomaranse as explicacións que achega o libro para aprender coreografías de Galicia, Portugal, Dinamarca, Brasil, México, Irlanda, Xapón, Bélgica e Cataluña. Cada danza vai acompañada da súa correspondente canción e unha mostra da coreografía en vídeo.

+info: [www.cumio.com](http://www.cumio.com)

Levan desde 2003 facendo espectáculos de circo de rúa. O paso dos anos levounos á ambivalencia entre os espazos exteriores e interiores, e dende 2005 móvense por festivais coma Festiclown, d'Gorra, Manicómicos, Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Compostela Carpa Cabaré, Cerka'l Festival, Les Fritillaires, Copiii Circului, Imaginarius, Fervesteiro, Festivalinho e moitos máis. Percorrendo Galicia, Portugal, Cataluña, Euskadi, Romanía e Francia.

+info: [www.myspace.com/assircopatas](http://www.myspace.com/assircopatas)

19.00h Presentación de *Abrapalabra* de Carlos Coira e Antón Cortizas, Galaxia



# NO CUARTO DOS NENOS

**Microfestivais, obradoiros, exposicións, contacontos, maxia, teatro, danza, presentacións de libros e discos... o cuarto dos nenos ferve de actividade, dende a apertura da feira ata o peche, porque non hai público máis dinámico nin máis imprescindible. Algunhas das propostas que poderán gozar os más pequenos no Culturgal son as seguintes:**

## Domingo 28

### 11.00h Baile - Xogos

Obradoiro de baile tradicional galego para aprender a danzar xogando. Impartido por Luis Prego, baséase no libro *Para Cantar e Bailar*, de Ediciones do Cumio, unha guía con xogos e bailes procedentes da tradición galega, pero adaptados aos tempos de hoxe.

+info: [www.cumio.com](http://www.cumio.com)

### 12.00h Tic-tac

*Tic tac* é un libro-disco que combina música e ilustración para público infantil a partir de tres anos de idade. Trátase dunha obra para ver, escoitar e cantar, tanto en familia como na escola, como complemento das clases de Educación Musical. Neste primeiro traballo musical en solitario, Pablo Díaz fai un percorrido por distintos ritmos cos que, dende a perspectiva do folk, abarca a universalidade da música, dende o xénero clásico ata o jazz, pasando polo rock, o soul, o swing e os ritmos latinos. As 16 cantigas do disco abordan temas próximos aos cattivos, como a natureza, o mar, os animais ou o fogar, de xeito que se lles proporciona vocabulario e fórmulas de expresión a través da música. Complementáse cunhas orixinais ilustracións feitas coa técnica do linogravado, un método recuperado por Marc Taeger, co que afonda no carácter tradicional da obra. Algunhas das pezas musicais deste traballo forman parte das actividades de animación lingüística da campaña *Palabras no Ar* que Kalandraka realiza en concellos galegos.

+info: [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

### 17.00h Baobab teatro

Baobab Teatro é unha compañía nova que nace este ano, pero na que os seus componentes xa teñen un amplio camiño andado no ámbito profesional do teatro. No Culturgal presenta a Andrea Bayer como contadora de contos e de Historias. Ex componente da compañía Galitoon, escribiu e dirixiu espectáculos como *Golulá* (premiado como mellor espectáculo infantil na 10ª feira de teatro de Ciudad Rodrigo, espectáculo mellor valorado polo público infantil na 9ª edición de Domingos do Principal de Pontevedra e Premio ao espectáculo máis innovador na 24ª Mostra de Ribadavia), *Babiliglub, Rosalía, a pulga que escribia, Axóuxeres 2008, A viaxe de Totó, Axóuxeres 2009* e *Os catro elementos*. Chega a Culturgal cargada de contos orais, de libros, textos dramatizados... Contos para soñar, rir e xogar.

+info: [www.baobabteatro.com](http://www.baobabteatro.com)

### 17.00h / 18.00h / 19.00h Ilustración con Jack Mircala

El Patito Editorial vén de publicar o libro *Lóbrego romance, pálida pantasma* de Jack Mircala e con este motivo quere amosar o peculiar proceso creativo deste autor para compoñer as ilustracións. Miracala amosará nestes obradoiros como fai as súas perfeccionadas maquetas con cartolinhas de cores que logo fotografía. Un traballo de gran feitura plástica, que nos traslada a un mundo romántico ateigado de paisaxes fragosas, cantís esgrevios, meigallos eternos e todo cun halo de melancolia ao que non é alleo o imaginario da literatura gótica.

+info: [www.elpatitoeditorial.com/gl](http://www.elpatitoeditorial.com/gl)

Ademais, a caravana de *A caixiña dos mixtos* estará toda a fin de semana aparcada no Culturgal, ofrecendo o seu programa de cinema infantil. É unha sala de cinema itinerante, con contidos audiovisuais de todo o mundo dedicados ao público infantil e adolescente ata 14 anos. Curtas á carta onde os nenos e nenas elixen as pezas a proxeccar da carteira segundo os seus gustos e a súa idade.



# NO GARAXE

**Para fedellar coas novas tecnoloxías hai que baixar ao recuncho no que Eganet ofrece obradoiros e presentacións para achegarlle ao público as novedades galegas en videoxogos, ferramentas web e aplicacións informáticas.**

## **Obradoiro Game Over. O pasado, o presente e o futuro da tecnoloxía a través da historia dos videoxogos**

**Sábado 27. De 17.00 a 20.00h  
Domingo 28. De 11.00 a 14.00h  
Para rapaces e rapazas de 10 a 16 anos**

Falar de novas tecnoloxías a nivel teórico pode resultar árido e complexo, pero facelo baseándose nos videoxogos e na súa historia é moito máis atractivo e divertido. Eganet desenvolverá no Culturgal un obradoiro partindo das súas orixes, para analizar a evolución do hardware e o software e botar unha ollada polo ferrollo da porta do futuro.

Co nacemento da informática doméstica aparecen os primeiros videoxogos, moi rudimentarios. O exemplo perfecto é o de Atari Pong. Farase un repaso breve con imaxes de videoxogos de diferentes xeracións, dos que moitos xa resultan cómicos nesta altura.

Para explicar o concepto de hardware mostraranse os componentes informáticos que contén unha consola e a función de cada un deles. Os asistentes poderán manipularlos e montar de novo a consola. Que pasa co software? De onde sae a imaxe dun videoxogo? A programación explicarase a través do código dun xogo tan famoso como o Pac-man.

Onde fica o mando tradicional? Consolas como a Wii demostraron que o xogador precisa dun mando intuitivo que se adapte aos seus movementos. Analizarase tamén a evolución da interactividade-ergonómica do xogo e probaranse distintos mandos deseñados para diversos videoxogos (xogos de coches-volante, aviación-joystick, deportes-mando Wii...).

En breve disporremos de videoxogos controlados por dispositivos que descifran os movementos. Farase unha presentación de diferentes propostas neste eido. Unha delas é o Proxecto Natal (ou Kinetic) de Microsoft, que se formula como o futuro das consolas. Unha cámara e uns sensores controlan a posición do xogador e permitenlle unha interacción totalmente libre. Outra é a de Neurosky, unha empresa que deseña dispositivos de control baseados na emisión de ondas cerebrais. Probaranse co público dous dos seus modelos: o xogo Jedi Trainer, no que o xogador debe controlar coa mente os movementos dunha bólha, e o casco Neurosky Headset, que permite manexar unha personaxe en función da concentración e a meditación do xogador. Por último, mediante un proxector compatible con 3D e unhas gafas nVidia, os asistentes poderán probar a sensación de xogo tridimensional. Dous grandes videoproxeccores emitirán de forma constante imaxes do obradoiro e empregaranse para a proba de distintos produtos.

+info: [www.eganet.org](http://www.eganet.org)



# NO SALÓN

**Antes de que caras vagamente coñecidas  
comezarán a ofrecernos desde a  
televisión opinións pouco  
documentadas sobre os temas máis  
variopintos, as tertulias de salón foron  
un dos máis potentes motores da  
intelectualidade occidental. Culturgal  
2010 recupera ese modelo de conversas  
informais entre intelectuais e artistas e,  
ademas, ofrécelle ao público a  
posibilidade de vivilas en directo,  
transmitíndolle toda a enerxía da  
cultura galega actual. O obxectivo:  
achegar a cara máis humana dos  
grandes autores e autoras galegas ao seu  
público. Alén deste formato máis  
innovador, tamén haberá, por suposto,  
presentacións convencionais e sinatura  
de libros. Algúns dos escritores e  
escritoras que visitarán o salón do  
Culturgal serán os seguintes:**

## Venres, 26

- 17.00h Presentación de *Ola, Ola, la!* de Mama Cabra  
18.00h Tertulia con Diego Ameixeiras. *Asasinato no Consello Nacional*  
18.30h Tertulia con Iolanda Zúñiga. *Periferia* (Premio Xerais de Novela 2010) / *Vidas post-it*  
19.00h Tertulia con Antón Lopo. *Obediencia* (Premio García Barros 2010)  
19.30h Presentación da colección *Antoloxías Poéticas*, de Xosé María Álvarez Cáccamo  
20.30 h *Na Cerna da Selva*, de Pere Tobaruela

## Sábado, 27

- 12.00h Presentación da Campaña 2010-2011 de Urco  
13.00h Presentación da primeira *Guía electrónica de árbores de España*, dentro da nova colección de natureza “Os 50”, de Baia Edicións.  
17.00h Presentación de *Cogomelos dunares* de Xosé Manuel Castro Marcote  
18.00h Tertulia con Xurxo Sierra Veloso *Os fíos* (Premio Repsol de narrativa breve 2010)  
18h40 Tertulia con Iván García Campos. *O imposible de desatar*

(Premio Blanco Amor 2010)

19.30h Presentación de *En castellano no hay problema*, de Carlos Callón. Coas intervencións de Cris Quinteiro e Manuel Bragado. (no Salón de Actos)  
20.30h Presentación / concerto / representación de Rubén Ruibal

## Domingo, 28

- 12.30h. Tertulia con Fina Casalderrey *E ti que farías por mim? / Un saco de estrelas*  
13.00h. Tertulia con Elena Gallego. *Dragal*  
13.30h. Tertulia con Teresa González Costa. *A filla do ladrón de bicicletas* (Premio Merlin de Literatura Infantil, 2010)  
18.00h. Tertulia con Manuel Rivas. *Todo é silencio*  
19.00h. Tertulia con Marcos Calveiro. *Settecento / O pintor do sombreiro de malvas*  
19.30h. Tertulia con Manuel Portas. *Denso recendo a salgado*  
20.00h Presentación especial Benigno Campos. *Larpeiros.*



# NO PATIO

**Atoparás un bar con programación non stop de música, teatro e danza. En pequenas doses, para que che dea tempo a dixerir todas as novedades. Entre pílula e pílula, vídeos cos grandes eventos musicais deste ano. Na barra, ao teu lado, os seus protagonistas. Algunhas das propostas que poderemos catar no patio do Culturgal serán:**

**MUNDO LOIS** é unha coprodución de Nordesía, Filmanova e Kachet.

Mirar a través dos ollos de quien escribía para deixarse ver. O seu MUNDO, a súa visión.

LOIS Pereiro de cerca.

Achegarse para ir máis lonxe.

Afastarse a través dos seus versos para buscar un lugar onde mellorar a visibilidade.

Onde a perspectiva se adecúa.

Un MUNDO pechado que abrimos ao espectador... se quixer... LOIS describiuno.

Nós envasarémo-lo ao baleiro.

Tal vez deixemos que o aire de cada un entre

para o apodrecer,

para o manipular,

para, ao fin e ao cabo,

facelo entender.

## Silvia Penide

Definir o universo de Silvia Penide non é sinxelo: hai quien se decanta pola Silvia cantautora, outros atrévense a chamala solista pop e hai quien de que pasea a metade de camiño entre o experimental e o electrónico. Pero o certo é que a súa proposta se basea na sinceridade [dunhas letras que son parte de si], na proximidade [dunha velada íntima], na inmediatez [de escouitala a metro e medio], e na dozura? unha experiencia que merece pena atreverse a descubrirla.

Cos seus dous traballos discográficos anteriores, *Kilómetros*, *Invisible* e *Desafinante Crónica*, Silvia Penide xa deixou sobradas mostras da forza e dos matices que pueden alcanzar as súas cancións. Agora, volve co seu cuarto traballo de estudio *Las erres dobles*, da man do recoñecido Juan de Deus Martín. Ofrecerá

unha pequena mostra en directo no Culturgal.

+info: <http://silviapenide.com/>  
[www.myspace.com/silviapenide](http://www.myspace.com/silviapenide)

**Cantos na Maré**, Festival Internacional da Lusofonía, é unha invitación a conectarnos desde a lingua con territorios de catro continentes, unha porta aberta a compartir sons e ideas e tender pontes con países emergentes. Trátase dunha iniciativa de achegamento de culturas e do fomento da diversidade, que apostea pola exploración, o coñecemento mutuo e o intercambio artístico, unha maneira creativa de provocar lazos más fortes a nivel social e económico.

A de 2010 será a oitava edición que se celebre en Pontevedra desde o nacemento do festival. O Concello de Pontevedra volve dar acollida a esta producción de Nordesía, que conta tamén co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais. Sobre o escenario do Pazo da Cultura volverán xuntarse o 18 de decembro catro dos creadores máis inquietos da música dos países lusófonos, un cruce de voces novas e consolidadas baixo a dirección artística de Uxia e a dirección musical de Paulo Borges.

Cantos na Maré quere ser tamén un lugar para o encontro dos profesionais galegos da música cos axentes culturais dos países de fala portuguesa. Para iso a edición de 2010 contará cun foro profesional que busca abrir camiños para a exportación da música galega e a súa entrada no mercado cultural lusófono. No Culturgal daranse a coñecer todos os detalles desta nova edición, cunha pequena actuación para abrir boca.

+info: [www.cantosnamare.org](http://www.cantosnamare.org)

**CabRaret** é un trío musical formado por unha contralto, un acordeonista e un contrabaixista. Trátase dun espectáculo de cabaret onde o humor toma o relevo da música nunha carreira

na que a meta é divertir ao público e que os espectadores poidan disfrutar da fanfarria, mesturada cun pouco de jazz, unhas pingas de soul, varios litros de chanson francesa e un chisco de tradición, para aromatizar o pentagrama.

## Negus Reggea

A asociación cultural Negus presentará no patio de Culturgal algunhas das bandas de reggae e os sound systems galegos, entre as que se atopan, por exemplo, Bush Doctors, Zamaramandi, Sauko B & One, Pinnacle, Ganjahrfamily, On The Bass Sound System, Goodchilla Sound ou Jas Processor. A Feira convertirse así, tamén, en punto de encontro para os profesionais e aficionados á música reggae, que día a día está máis presente na nosa sociedade.

## Mondo Sonoro

A popular publicación especializada no sector musical Mondo Sonoro ofrecerá unha selección de actuacións de grupos musicais, así como unha mostra dalgunhas das fotografías realizadas polos seus colaboradores nos eventos musicais máis significativos dos últimos tempos.

## A Hostia en Verso

Partindo da idea dos Poetry Slam que se celebran noutras partes do mundo, sobranceiramente en Alemaña, onde existe unha organización propia dunha división deportiva, dez poetas, un músico e tres artistas plásticas constrúen un recital lúdico no que se confrontan dous equipos de poetas que van sorteando as probas das dúas presentadoras do acto. Logo de cada proba os participantes sométense ao xuizo sumarísimo do público, que será quen decida, cos seus votos, cal é o equipo gañador.



# NO FAIADO

**Acontecen cousas que na casa non se acaban de entender. Propostas, produtos, discursos e modos de producción que están á marxe, ou mesmo cuestionan o que chamamos industrias culturais. A actividade é continua neste territorio de encontro entre persoas, colectivos e ideas que no país da AP9 non acaban de encontrarse, a pesar de internet. Baixo a batuta do xornalista cultural Iago Martínez, haberá coloquios que poden devir debates, presentacións de produtos e/ou plataformas, obradoiros, proxeccións comentadas e proxeccións en loop. Unha programación non stop para achegar aos profesionais e ao público xeral de Culturgal unha panorámica do que se coce agora mesmo nas mentes máis inquedas de Galicia:**

No audiovisual, explorarase o concepto de novo cinema galego, que define unha nutrida xeración de novos cineastas que está sabendo sacarlle o xugo ás posibilidades das novas tecnoloxías para explotar a súa ansia de contar historias.

Tamén haberá un espazo reservado para as orellas capaces de percibir música en calquera lugar e que están sempre atentas aos sons da vida cotiá, para aqueles que velan pola memoria sonora e musical para explorar novos horizontes. **Autoedición e activismo sonoro** serán os termos más repetidos.

Debaterase en torno a **novos modelos de edición**, pequenas iniciativas nacidas dunha vontade clara de publicar os textos que quedan nas marxes do *mainstream*.

E presentaranse unha manchea de proxectos que, sustentados nos principios de libre creatividade e espírito crítico, propoñen compartir ideas e coñecementos para crear conxuntamente e sen ánimo de lucro aproveitando as posibilidades do **traballo en rede**.



# NO ESTUDIO

**Profesionais dos distintos sectores e disciplinas da cultura en Galicia, Portugal e Brasil participarán nun foro de exposición e debate aberto ao público no que reflexionan sobre o papel das Industrias Culturais en tempos de crise. Trátase dun encontro multilateral e interdisciplinar que inclúe catro foros sectoriais e dous transversais. Todos eles afondan, desde distintas perspectivas, na necesidade do intercambio e da cooperación transnacional, así como na consideración da cultura como factor básico de desenvolvimento territorial e económico.**

**FORO CREATIVA. As industrias culturais de Galicia e norte de Portugal en tempos de crise. Retos, recursos e modelos de éxito.**

Venres 26 e sábado 27 de novembro  
De 10.00h a 14.30h  
Pazo de Cultura de Pontevedra

## Venres, 26

### AUDIOVISUAL

*Futuro, retos, financiamento e experiencias de éxito no sector audiovisual*

10.00h – 11.15h.  
Moderadora: Dolores Ben, presidenta de AGAPI

Rosa Víñas, directora da Televisión de Galicia  
Anxo Quintanilla, director xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia  
Moncho Varela, produtor executivo de Pórtico  
Pancho Casal, director de Continental Producciones

#### *Financiamento da Producción Audiovisual*

11.15h – 12.30h.  
Moderador: Ignacio Vilar, director de Via Láctea Filmes  
Cristina Quintela, directora da área de financiamento do IGAPE  
Susana Serrano, directora Audiovisual Aval SGR  
Emma Lustres, produtora de Vaca Films

#### *Experiencias do talento audiovisual*

13.00h – 14.30 horas.  
Moderadora: Mara Gutiérrez, directora de Mara Producciones  
Camila Bossa, actriz  
Sandra Sánchez, directora e guionista  
Luis Avilés, guionista e realizador  
Juan Pablo Etcheberry, director / artista  
Jorge Morais, director

### EDICIÓN

*A Biblioteca de Medellín: paradigma de intervención cultural dos poderes públicos*

10.00h – 12.00h.  
A importancia da Rede de Bibliotecas de Medellín, paradigma de intervención cultural dos poderes públicos recoñecido en todo o mundo, e mais da súa experiencia como programa de inclusión dixital e de transformación social dirixirán a mirada dos asistentes cara ao debate e análise dos beneficios sociais dese tipo de intervencións públicas.

Moderador: Manuel Bragado, presidente da AGE  
Carolina Jaramillo Idárraga, comunicadora da Rede de Bibliotecas de Medellín Área Metropolitana  
Luis Miguel Usuga Samudio, Secretario de Cultura Ciudadana de Medellín

### TRANSVERSAL

*Oficinas de intercambio artístico entre Brasil e Galicia. Expectativas de exportación*

13.00h – 14h.30h  
A industria musical galega ven percorrendo un fondo proceso de estruturación liderado polas asociacións sectoriais que, desde 2007, veñen realizando o esforzo de crear un marco de futuro profesional que sexa quen de competir na actual conxuntura social e económica. Nesta tarefa, a chegada a Galicia de representantes dos gobiernos federal de Brasil e estatal de Minas Gerais, así como do sector profesional musical, supón a culminación dun proceso onde se pretende identificar sinerxias e puntos de encontro para as relacións culturais entre Galicia e Brasil. Nesta sesión tentarase desentrañar por que Galicia e Brasil se necesitan, en que se poden axudar mutuamente e que aspectos culturais comparten.

Washington Melo - Secretario de Cultura. Gobierno de Minas Gerais. Brasil  
Thiago Cury. Director da CEMUS / Fundação Nacional das Artes. Ministerio de Cultura. Gobierno de Brasil  
Makely Ka. Artista. Fórum da Música de Minas Gerais. Brasil  
Modera: Francisco Javier Alonso González, director da Fundación Illa de San Simón

## Sábado 27

### ARTES ESCÉNICAS

10.00h - 14.00h  
*Marketing de distribución, axudas á producción e á distribución e lei de minimis*

1. Marketing de distribución: interior, exterior, novos mercados  
2. Axudas á producción e distribución: autónomicas, estatais, comunitarias  
3. Lei de minimis: interpretación e aplicación

### MÚSICA

*O sector musical como fonte de xeración de emprego e recuperación económica*

10.00h – 12.00h  
Moderadora: Belén Regueira  
Francisco Javier Viéitez Cendón, vicepresidente de Agem  
Sergio Lago, representante de Agaphono  
Raul Abeledo, economista  
Leo García-Boadilla Prosper, avogado  
Félix Lozano, ideólogo  
Juan Carlos F. Fasero, director da AGADIC

### TRANSVERSAL

*Feiras multidisciplinares. Modelos de éxito*

12.30h – 14.30h  
Moderadora: Belén Regueira  
Jon Irazabal, Director de Durangoko euskal liburu eta diskos Azoka  
Izaskun Ellakuriaga, Responsable de comunicación de Durangoko euskal liburu eta diskos azoka  
César Guisado, Membro do equipo directivo da Monkey Week  
Representantes das Feiras do Livro de Lisboa e Porto



# NOS CORREDORES

## **EXPOSICIÓN CREATIVA.** **Soporte Sonoro**

O século vinte supuxo a materialización dun grande soño: a gravación e reproducción da voz, dos sons e das músicas que comunidades e individuos producían. Até aquel momento a difusión da voz e da música limitábase a un momento e a un lugar concreto; a partir do desenvolvemento e evolución de toda unha serie de aparellos que podían rexistralas, a difusión acadou extraordinarias potencialidades. O rexistro do son posibilitou a preservación e transmisión de ideas e emocións.

A exposición Soporte Sonoro propón un percorrido pola historia da gravación e reproducción sonora a través da variedade de aparellos e formatos, do cilindro de cera ao disco compacto, do fonógrafo ao radiocasete, que permitiron a expansión popular de sons e melodías. Pero esta mostra, ademais, traza un itinerario no que atopamos persoas e ideas que posibilitaron que a gravación, reproducción e arquivo do son sexan para nós realidades cotiás; algúns deses nomes propios e aplicacións atopámolos preto de nós xa que os cazadores de sons tamén poboaron Galicia no pasado século.

Descubriremos, por exemplo, que o fotógrafo Pedro Ferrer foi o responsable das primeiras referencias discográficas galegas. Grazas á súa iniciativa, chegou á Coruña en 1904 a caravana de “cazadores de sons” da Compagnie du Gramophone de París, cuxa unidade móvil grava en cilindros de cera o coro pontevedrés Aires da Terra, co gaiteiro Perfecto Feijoo á fronte. E tamén veremos que Juan Portela Seijo inventou o magnetófono de fío de aceiro no ano 1939, un aparello pequeno e portátil que se converteu no primeiro gravador autóctono. Soporte Sonoro conclúe o seu, xa en pleno século XXI, co penúltimo chanzo da revolución do disco compacto. Os consumidores teñen ao seu alcance unha ampla variedade de formatos e soportes dixitais: desde o DVD, ao CD-R e aos recentes formatos comprimidos MP3, provocando un descenso de vendas considerable do tradicional CD, mentres que o outrora repudiado formato analóxico recupera vendas e presenza no mercado. Unha fonda convulsión percorre a espina dorsal da industria musical, alimentada polas estratexias de mercado do mundo occidental, mentres que o casete segue reinando noutros continentes como África e Asia.



# OS CUARTOS

**Ademais, a Feira das Industrias Culturais de Galicia está chea de cuartos pensados por cada empresa ou asociación para amosar os seus produtos e servizos. Despensas ateigadas de cousas apetecibles para picar: literatura, música, teatro, danza, maxia... nas que o público asistente poderá conseguir a dose mínima recomendada de cultura galega con descontos de ata o 10%. Algúns destes cuartos son os de:**

Abada Xestión Cultural  
AGADIC  
AGAL  
AGAPI  
AGASE  
AiraPro Producóns  
Axencia Muxicas  
Baía Edicións  
Biblos Clube de Lectura  
Concello de Pontevedra  
Consorcio Editorial Galego  
Crearte Servicios Culturales  
Cultura Activa  
Edicións do Cumio  
Edicións Embora  
Editorial Galaxia  
EGANET

ESAD  
Escena Galega  
Esmerarte Servicios Artísticos  
Fausto Deseño Asociados  
FOL Música-BDA Publishing  
Grupo Voz  
Inquedanzas Sonoras  
Ir Indo Edicións  
Librería Cartabón e Redelibros  
Librería Pedreira  
Mr Misto Flms  
Nalgures Producións  
Noente Paradise  
Nordesía Produccións  
OQQ editora  
Oroboro Films  
Ouvirmos

Patas de Peixe Editora  
Pegadas  
Pistacatro Produtora de Soños  
Produccións Teatrais Talía  
Reverso Comunicación  
Secretaría Xeral de Política Lingüística  
Sinsal Audio e Sirgo Torcendo  
Sons Galiza Comunicación, Miñomedia e Atlantia Entertainment  
Toupa/Parceiros  
TVG  
Urco Editora  
VAN Divulgación Cultural  
Xerais  
Xestión Literaria Galega e Barbantesa  
Zouma Producciones

## Comunicación Cultegal:

Sonia Díaz | [comunicacion@cultegal.com](mailto:comunicacion@cultegal.com) | 679 965 692

Esmeralda L. Castro | [comunicacion.cultegal@gmail.com](mailto:comunicacion.cultegal@gmail.com) | 696 185 187

[www.cultegal.com](http://www.cultegal.com)

[www.facebook.com/cultur.gal](http://www.facebook.com/cultur.gal)

[www.twitter.com/cultegal](http://www.twitter.com/cultegal)

[www.flickr.com/photos/cultegal](http://www.flickr.com/photos/cultegal)

CONSULTA O PROGRAMA EN [WWW.CULTEGAL.COM](http://WWW.CULTEGAL.COM)

ORGANIZA



PATROCINA



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA  
CONSELLERÍA DE CULTURA



Pazo de Cultura de  
PONTEVEDRA  
Concello de Pontevedra



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

CO APOIO DO PROGRAMA CREATIVA, FINANCIADO POR



COLABORA



TELEVISIÓN DE GALICIA

RÁDIO GALEGA

Televisión